

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
CURSO 2021/2022

CENTRO: IES DIONISIO GAMALLO FIERROS

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ e LITERATURA
DATA: ABRIL 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación. ESO

CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN PARCIAL:

Comprensión e expresión oral: 10%

- Corrección das actividades diarias.
- Exposición de traballos e temas.
- Argumentacións orais.
- Probas orais (Cuestións sobre os contidos do curso)

Probas escritas: Dúas probas escritas cada trimestre. 70%

- a. Nas probas escritas, cada exercicio será avaliado segundo a súa dificultade, número de apartados... As probas poderán constar de cuestións teóricas, prácticas ou teórico-prácticas, segundo o criterio do/a profesor/ a.

Proba escrita ou oral do libro de lectura: 10%

Traballo cotidiano: 10%

A cualificación parcial será a suma da media dos dous exames, máis as tres notas restantes. O aprobado debe ser igual ou superior a 5 puntos.

PMAR 3º ESO

Oralidade: 10%. Abrangue:

Corrección de exercicios na aula empregando calquera das dúas

**1ª, 2ª e 3ª
Avaliación
(parcial)**

	<p>linguas, a que corresponda e realización de traballos colaborativos e lectura en voz alta dos libros propostos. (ata 0,5 puntos) Exposición de traballos propostos (ata 0,5 puntos)</p> <p>Probos escritos : 60% . Faranse probas escritas diferentes para cada unha das materias que compoñen o ámbito sociolingüístico, mais tamén se poderá facer algún control conxunto. Realizaranse un mínimo de 6 por trimestre. Se nalgunha das probas non se acadara o 33% (2/6), deberá recuperarse esa parte.</p> <p>Lecturas propostas: 10%. Propoñerase a lectura de dúas obras literarias por trimestre, unha en galego e outra en castelán. (0,5 cada un)</p> <p>Traballo: 20%. Actitude e traballo diario na clase, a realización das tarefas encomendadas para a casa e a presentación, conservación e boa organización do material de traballo segundo as pautas propostas.</p> <p><u>PROCEDIMIENTO RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN PARCIAL:</u></p> <p>Despois da avaliación, farase un exame de recuperación a aquel alumnado que non acadase o aprobado. Dito exame será sobre o 100% da puntuación, quedando excluídos o exame do libro obrigatorio e o comportamento e actitude de cara á materia.</p>
<p>CUALIFICACIÓN FINAL (ORDINARIA)</p>	<p>A nota final da avaliación ordinaria será a nota media das tres avaliacións. No caso do alumnado que fixera algunha recuperación terase en conta a nova nota da avaliación despois de facer a recuperación e o cálculo correspondente. Haberá unha recuperación para o alumnado que teña suspensa a materia entre a 3ª avaliación e a ordinaria con actividades de reforzo orientadas a superar a recuperación, que consistirá en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha proba escrita, valorada no 100%

	<p>Acudirá a esta proba o alumnado que non acade o 5 facendo a media coas tres avaliacións. Figurarán os criterios mínimos establecidos na secuenciación dos estándares de aprendizaxe. Para superalo o alumnado deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10.</p> <p>Para o alumnado que teña unha media de 5 ou superior, entre a 3ª avaliación e a ordinaria realizará actividades de ampliación. A actitude, calidade e cantidade das mesmas poden incrementar a nota ata un 10%.</p> <p>En ambos casos, o 10% das lecturas obrigatorias, o 10% da proba oral e o 10% da actitude mantéñense fóra desta avaliación, quedando as notas correspondentes de cada avaliación.</p>
<p>ALUMNADO MATERIA PENDENTE</p>	<p>O alumnado que teña a materia suspensa do curso anterior será cualificado en cada avaliación polo profesorado que lle imparte clase no curso actual. O seguimento farase a través de traballos periódicos que serán entregados na data acordada e o rendemento no curso actual.</p> <p>CÁLCULO PARA A CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA PENDENTE:</p> <p>A cualificación de cada avaliación será a suma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo 30% - Exames 70% <p>De non recuperar a materia pendente por avaliacións, haberá unha proba no mes de maio fixada polo Departamento.</p>

<p>2. Criterios sobre a avaliación e cualificación. BACHARELATO</p>	
<p>1º, 2ª e 3ª Avaliación</p>	<p>1º BACHARELATO:</p> <p>CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN PARCIAL:</p> <p>Comprensión e expresión oral: 10%</p>

(parcial)

- Corrección das actividades diarias.
- Exposición de traballos e temas.
- Argumentacións orais.
- Probas orais (Cuestións sobre os contidos do curso)

Probas escritas: Dúas probas escritas cada trimestre. 70%

Nas probas escritas, cada exercicio será avaliado segundo a súa dificultade, número de apartados... As probas poderán constar de cuestións teóricas, prácticas ou teórico-prácticas, segundo o criterio do/a profesor/a.

Traballo cotidiano: 10%.

Ademáis da observación do desenvolvemento do alumno na aula, incluírán os traballos, textos escritos e comentarios críticos recollidos polo profesorado.

Libro de lectura obrigatoria: 10%

A cualificación de cada avaliación parcial será a suma da media dos dous exames máis o resto dos apartados sinalados. Para aporbar a avaliación, a nota debe ser igual ou superior ó 5.

CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN PARCIAL:

2º BACHARELATO

Probas escritas: 90%

Nas probas escritas, que se inspirarán nas probas ABAU, cada exercicio será avaliado segundo a súa dificultade, número de apartados... As probas poderán constar de cuestións teóricas, prácticas ou teórico-prácticas, segundo o criterio do profesorado. Nestas probas incluírase un texto de opinión para o seu resumo e

comentario crítico, segundo o modelo das probas ABAU, e, no seu caso, cuestión sobre o libro de lectura obrigatoria.

Traballo cotidiano: 10%

Ademais da observación do desenvolvemento do alumnado na aula, incluírán os traballos, textos escritos ou comentarios propostos polo profesorado. Aquí inclúese a proba de carácter oral reflexada nas intervencións orais na aula, cuestións sobre os contidos do curso, corrección das actividades diarias...

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN PARCIAL:

Haberá unha **recuperación final**, maio para 2º de BAC, para todo o alumnado que non acade o aprobado, que consistirá en:

- Unha **proba escrita**, valorada no 100%

Acudirá a esta proba o alumnado que non acade o 5 facendo a media coas tres avaliacións, fará un exame final que incluírá todos os contidos desenvolvidos durante o curso, sendo a cualificación obtida no dito exame o 100% da súa nota. A esta proba vaise cos contidos de todo o curso.

No caso de **2º de BACH**, o exame consistirá nuha proba escrita de contidos interrelacionados nos que, partindo dun texto, o alumnado teña que reponder a preguntas teóricas, prácticas ou teórico-prácticas similares ás que se formularon noutros exames ou nos exercicios resoltos na aula, ssegundo o modelo de exame das probas ABAU.

--

Avaliación final (ordinaria)

A nota final da avaliación ordinaria será a nota media das tres avaliacións. No caso do alumnado que fixera algunha recuperación terase en conta a nova nota da avaliación despois de facer a recuperación e o cálculo correspondente. Haberá unha recuperación para o **alumnado que teña suspensa a materia** entre a 3ª avaliación e a ordinaria con actividades de reforzo orientadas a superar a recuperación, que consistirá en:

	<p>- Unha proba escrita, valorada no 100%</p> <p>Acudirán a esta proba o alumnado que non acade o 5 facendo a media coas tres avaliacións. Figurarán os criterios mínimos establecidos na secuenciación dos estándares de aprendizaxe. Para superalo o alumnado deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10.</p> <p>Para o alumnado que teña unha media de 5 ou superior, entre a 3ª avaliación e a ordinaria realizará actividades de ampliación. A actitude, calidade e cantidade das mesmas poden incrementar a nota ata un 10%.</p> <p>En ambos casos, o 10% das lecturas obrigatorias, o 10% da proba oral e o 10% da actitude mantéñense fóra desta avaliación, quedando as notas correspondentes de cada avaliación.</p>
Avaliación extraordinaria	<p>Entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado fará actividades de reforzo orientadas a superar a recuperación, que consistirá en:</p> <p>- Proba escrita sobre os contidos dados ao longo do curso: 100%</p>
Alumnado de materia pendente	<p>En Bacharelato non se dá o caso. É evidente que o alumnado de 1º BAC accede ao curso sen ningunha materia pendente. No caso de 2º BAC, quen tiña a materia do primeiro curso pendente xa ten recuperado grazas as actividades e probas superadas nas avaliacións anteriores, polo que non é mester ningunha proba específica da materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	<p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</p> <p>O profesorado elaborará un plan de lectura. Proxección de audiovisuais. Actividades diversas.</p>
--------------------	--

	<p>ACTIVIDADES DE REFORZO Realización de actividades para reforzar contidos e destrezas básicas da lingua.</p> <p>RECUPERACIÓN Realización de probas escritas e orais para superar a materia na avaliación ordinaria.</p>
Actividades tipo	<p>Lectura e comprensión de textos orais e escritos. Producción de textos orais e escritos. Actividades de tipo gramatical, léxico...e que favorezan a comprensión e reflexión.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto. Contidos dixitais. Selección de textos e/ou actividades que poida aportar o profesorado.</p>
<p>4.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</p>	
Metodoloxía	<p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN O profesorado elaborará un plan de lectura. Proxección de audiovisuais. Actividades diversas.</p> <p>ACTIVIDADES DE REFORZO Realización de actividades para reforzar contidos e destrezas básicas da lingua.</p> <p>RECUPERACIÓN Realización de probas escritas e orais para superar a materia na avaliación extraordinaria.</p>
Actividades tipo	<p>Lectura e comprensión de textos orais e escritos. Producción de textos orais e escritos. Actividades de tipo gramatical, léxico...e que favorezan a comprensión e reflexión.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto. Contidos dixitais. Selección de textos e/ou actividades que poida aportar o profesorado.</p>
<p>4.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a</p>	

**avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC
(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)**

Metodoloxía	<p>ACTIVIDADES DE REFORZO E PREPARACIÓN DA ABAU</p> <ul style="list-style-type: none">- Desenvolvemento e / ou repaso de contidos que precisen reforzo ou ampliación de cara á preparación da ABAU.- Resolución de dúbidas.- Realización de actividades para reforzar contidos e destrezas básicas da lingua.- Traballo coas obras de lectura e outros textos literarios. <p>RECUPERACIÓN</p> <p><u>Realización de probas escritas e orais para superar a materia na avaliación extraordinaria.</u></p>
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none">- Lectura e comprensión de textos escritos, literarios ou de opinión.- Produción de textos escritos.- Actividades de tipo gramatical (morfolóxico ou sintáctico) e / ou léxico.<ul style="list-style-type: none">- <u>Actividades que favorezan a comprensión e reflexión.</u>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Contidos dixitais (aula virtual e /ou outros).- <u>Selección de textos e / ou actividades que poida aportar o profesorado</u>